

***CRUCEIROS. CRUCES E VIACRUCIS DO MUNICIPIO DE “O PÁRAMO” (LUGO).***

*PUBLICADO NAS “ACTAS DO XI CONGRESO GALEGO DE CRUCEIROS”. ASOCIACIÓN DE AMIGOS DOS CRUCEIROS, CRUCES DE PEDRA E PETOS DE ÁNIMAS. 2 e 3 de ABRIL DO ANO 2022. CANGAS DO MORRAZO (PONTEVEDRA). NO PRELO.*

**AUTORES:**

**JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.**

**MANUEL MUÑIZ BESTEIRO.**

## ***1. ALGÚNS TRAZOS XEOGRÁFICOS E HISTÓRICOS DO MUNICIPIO DO PÁRAMO.***

O municipio do Páramo está integrado na Comarca de Sarria <sup>1</sup>. Ocupa unha superficie de 74,45 km<sup>2</sup> na que vive, segundo o I.G.E. do 2019, unha poboación de 1366 habitantes distribuída en 18 parroquias <sup>2</sup>. Este ámbito territorial posúe os seguintes lindes: ao norte, o municipio do Corgo; ao Leste, os municipios de Láncara e Sarria ; ao Sur, o municipio de Paradela ; e ao W., os municipios de Portomarín e Guntín.

Por outra banda, este municipio está comunicado desde Lugo pola estrada N-VI ata a entidade de poboación de Nadela, onde hai que tomar a Comarcal C-546 ata á vila da Poba de San Xiao; desde alí cómpre coller unha vía local en dirección ao Páramo, situado a uns 7 km. Ademais, hai outras estradas locais, que comunican este municipio con outros próximos.

A nivel topográfico, a extensión do Páramo ubícase entre a serra granítica do mesmo nome, con altitudes desde os 800 ata os 870 metros, e os cursos do río Miño, que fai de lindeiro occidental do municipio; e o seu afluente, o Neira, que marca o linde septentrional <sup>3</sup>. Nesta superficie é mester distinguir dous niveis: un, situado no norte e oeste, correspóndese coas terras baixas dos ríos mencionados con altitudes, que van dende os 350 aos 450 metros; o outro, trátase dun espazo de transición a xeito dunha estreita franxa, situada entre os 500 e os 650 metros, e que amosa unha orientación Nordeste-Suroeste. Con respecto ao clima, este municipio presenta os trazos da variedade oceánica continental, na que hai que distinguir invernos frecos e veráns suaves cunha temperatura media en torno aos 12° C.

---

<sup>1</sup> A esta comarca pertencen tamén os municipios de Láncara, O Incio, Paradela, Samos, Sarria e Triacastela.

<sup>2</sup> Equipo Ir Indo. GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel; e outros. *Galicía en Comarcas. Lemos e Sarria*, Vigo: Ed. “Ir Indo”, 2005, páx. 124. Parroquias de “O Páramo”: Adai (Santa Mariña), Friolfe (San Xoán), Gondrame (Sta.María), Gondrame (San Vicente), Grallás (Santo Estevo), Moscán (Santa María Madanela), Neira (Santa María Madanela), Piñeiro (San Salvador), Reascos (Santa María), Ribas de Miño (Santiago), A Ribeira (San Mamede), Sa (Santiago), Santo André da Ribeira (San Pedro), A Torre (San Martiño), Vilafiz (Santa María), Vilarmosteiro (Santa Eufemia), Vilasante (Santa Cruz), Vileiriz (San Salvador).

<sup>3</sup> BUSTILLO FREIJIDO, Pablo.: *Galicía, pueblo a pueblo*, A Coruña: La Voz de Galicia, 1993, páx. 1002.

A nivel demográfico, a poboación deste municipio conservou no século pasado unha estabilidade importante ata o ano 1940, que foi cando acadou a súa maior cota demográfica con 3901 habitantes. Logo, a poboación foi diminuindo considerablemente ata alcanzar os 1366 habitantes no ano 2019, o que supuxo un descenso do 65% <sup>4</sup>. As causas deste descenso continuado foron debidas ao éxodo rural e ao avellentamento da poboación.

En canto ao nivel económico, as actividades agropecuarias seguen tendo unha influencia relevante no municipio, reflectida na poboación activa que se nutre deste sector. No obstante, a principal actividade económica é a dos servizos, que proporciona a maior porcentaxe de poboación activa tanto no sector comercial local como no que se establece nas entidades de poboación cercanas de Sarria e Lugo.

Desde unha óptica histórica, as primeiras pegadas atopámolas nalgúns túmulos megalíticos da comunidade parroquial de Santo André da Ribeira, en un bo número de castros como os de Friolfe e Moscán. No obstante, a primeira alusión escrita ao Páramo data do ano 569, cando en Lugo se realiza un concilio no que se aclaran os lindeiros dos once condados, que integraban a diocese de Lugo. Un deles era o Condado Paramensis, que comprendía o espazo territorial emprazado entre a marxe esquerda do río Miño e o seu afluente, o Neira <sup>5</sup>. Logo, a mediados do século XIII, confírmase nun escrito de Alfonso X o Sabio un privilexio concedido a Orde Hospitalaria polo que fai doazón do “*Páramo de Galicia que yaze en onor de Sarria*”. Por outra banda, durante o Antigo Réxime o Páramo dependeu das xurisdiccións da Pobra do San Xiao; do señorío do Conde de Lemos; e de San Xoán de Portomarín, baixo a Orde de San Xoán <sup>6</sup>. Xa no século XIX, cando a Deputación fai no ano 1820 a división da provincia en partidos xudiciais, o municipio do Páramo figura no partido xudicial de Lugo. Logo, no ano 1834, xa figura no de Sarria. Posteriormente, no ano 1965, volve a depender do de Lugo, ata que no ano 1988 volta ao de Sarria ao repoñerse o seu partido xudicial.

A nivel cultural, cómpre salientar as igrexas románicas de Grallás, Gondrame, Vilarmosteiro e Vileiriz. Tamén, os restos da torre do Mariscal Pardo de Cela, o pazo de

---

<sup>4</sup> I.G.E. (Instituto Galego de Estadística) do ano 2019.

<sup>5</sup> BUSTILLO FREIJIDO, Pablo.: *Ob. cit.*, páx. 1002.

<sup>6</sup> Equipo Ir Indo. GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel; e outros.: *Ob. Cit.*, páx. 125.



Neira etc. Ademais, é mester sinalar “ as festas e feiras da primavera”, que se celebran dende o ano 1976 durante o mes de Xuño, sendo o día 10, o máis relevante.

## **2. CRUCEIROS. CRUCES E VIACRUCIS DO MUNICIPIO DE “O PÁRAMO” (LUGO)**

### **2.1. TÁBOA SOBRE OS CRUCEIROS. CRUCES E VIACRUCIS DE “O PÁRAMO”.**

<b>CRUCEIROS, CRUCES E VIACRUCIS DO MUNICIPIO DE “O PÁRAMO”</b>			
<b>ORDE</b>	<b>MONUMENTO</b>	<b>LUGAR</b>	<b>PARROQUIA</b>
<b>1</b>	<b>RESTOS DUN VIACRUCIS</b>	<b>IGREXA</b>	<b>ADAI</b>
<b>2</b>	<b>CRUZ DE MADEIRA</b>	<b>BELEIGÁN</b>	<b>ADAI</b>
<b>3</b>	<b>RESTOS DUN VIACRUCIS</b>	<b>IGREXA</b>	<b>GONDRAME, STA. MARÍA</b>
<b>4</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>GONDRAME, STA. MARÍA</b>
<b>5 /6</b>	<b>CRUCES MISIONAIS (2)</b>	<b>IGREXA</b>	<b>GONDRAME, SAN VICENTE</b>
<b>7</b>	<b>RESTOS DUN VIACRUCIS</b>	<b>IGREXA</b>	<b>GONDRAME, SAN VICENTE</b>
<b>8</b>	<b>CRUZ</b>	<b>RECONCO(O CORGO)</b>	<b>MOSCÁN</b>
<b>9</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>ALBAREDO</b>	<b>MOSCÁN</b>
<b>10</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>A VILA</b>	<b>MOSCÁN</b>
<b>11</b>	<b>CRUZ</b>	<b>ADRº IGREXA</b>	<b>MOSCÁN</b>
<b>12</b>	<b>CRUZ</b>	<b>FACHª IGREXA</b>	<b>MOSCÁN</b>
<b>13</b>	<b>CRUZ</b>	<b>ADRª IGREXA</b>	<b>MOSCÁN</b>
<b>14/15</b>	<b>CRUCES</b>	<b>O PAZO</b>	<b>NEIRA</b>
<b>16</b>	<b>CRUZ DE ARMESTO</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>SA</b>
<b>17</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>SA</b>
<b>18</b>	<b>CRUZ DE AGUIEIRA</b>	<b>PAREDES</b>	<b>SA</b>
<b>19</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>PIQUEIRO</b>	<b>SA</b>
<b>20</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>PAREDES</b>	<b>SA</b>
<b>21</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>IGREXA</b>	<b>SANTO ANDRÉ DA RIBEIRA</b>
<b>22</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>IGREXA</b>	<b>SANTO ANDRÉ DA RIBEIRA</b>
<b>23</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>SANTA COMBA</b>	<b>TORRE</b>
<b>24</b>	<b>CRUZ</b>	<b>PICO DA CRUZ</b>	<b>VILAFIZ</b>
<b>25</b>	<b>RESTOS DUN VIACRUCIS</b>	<b>IGREXA</b>	<b>VILARMOSTEIRO</b>
<b>26</b>	<b>CRUCEIRO</b>	<b>CAMPO DA FEIRA</b>	<b>VILARMOSTEIRO</b>

## 2.2. MAPAS DE LOCALIZACIÓN.



## **2.3. ANÁLISE SOBRE OS CRUCEIROS. CRUCES E VIACRUCIS.**

### **I. PARROQUIA DE ADAI.**

#### **1. RESTOS DUN VIACRUCIS. (FOTO 1)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 618.460 / Y.: 4.742.619**

Nas paredes da igrexa hai restos dun Viacrucis. Trátase de pequenas cruces de madeira, latinas, rematando os extremos dos seus brazos en formas ovaladas. Consérvanse tres cruces, unha delas bastante deteriorada. Son moi semellantes as existentes nas parroquias de Entrambasaugas (Guntín) e Puxeda (Palas de Rei).

#### **2. CRUZ DE BELEIGÁN. (FOTO 2)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 617.853 / Y.: 4.742.605**

Cruz de madeira, de propiedade pública, que se encontra nun cruzamento viario. Segundo testemuñas de veciños da comunidade, esta cruz foi colocada debido a que neste lugar morreu desangrada unha persoa á que lle cortaron a lingua. Probablemente data de finais do século XIX. Esta cruz foi restaurada por Antonio Gaioso, que usou o mesmo material e conservou a súa forma.

Desde unha óptica artística, trátase dunha cruz latina, de madeira, de sección cuadrangular, que se apoia nunha estrutura de cantería, de forma semiesférica.

### **II. PARROQUIA DE FRIOLFE.**

O domingo máis próximo ao día 24 de Xuño, conmemórase a festividade do San Xoán. Por tal motivo, celébrase unha misa solemne e logo sae a procesión ata o lugar de “O Cruceiro”, onde houbo unha cruz ata hai uns 20 anos, que foi destruída por un fregués da comunidade. Desde alí a procesión retorna ao seu punto de partida.

### **III. PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE GONDRAME.**

#### ***1. RESTOS DUN VIACRUCIS. (FOTO 3)***

**COORDENADAS U.T.M.: X.: 616.161 / Y.: 4.741.508**

Por riba do muro, que delimita o adro da igrexa parroquial do exterior, hai restos importantes dun Viacrucis, que se concretiza na conservación de 11 cruces; outra caída nunha finca situada ao carón do muro; outra, conservada parcialmente na base e na parte inferior do brazo lonxitudinal; e, finalmente, outra desaparecida. O prototipo destas cruces amosa unha base de dous corpos: o inferior, paralelepípedo; e o superior, tendente a unha estrutura troncopiramidal mais coas arestas inferiores un pouco abombadas (redondeadas). Esta prolóngase nunha cruz de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto. Os extremos dos brazos son de forma de cruz potenziada. Algunhas das cruces que se conservan amosan na súa estrutura algúns deterioros, principalmente na base.

#### ***2. CRUCEIRO DE GONDRAME. (FOTO 4)***

**COORDENADAS U.T.M. X.: 616.038 / Y.: 4.741.474**

Está situado nun cruzamento viario e preto da igrexa parroquial. O día 15 de Agosto, festividade da Asunción, conmemórase nesta parroquia a súa festividade patroal. Por tal motivo, o párroco concelebra unha misa solemne e, logo, ao rematar este oficio relixioso, os veciños sacan en procesión a imaxe mariana e a outra imaxe sacra e van ata o cruceiro, onde dan unha volta ao redor para retornar posteriormente á igrexa. Nesta data, os veciños da comunidade ornamentan con flores a parte inferior do fuste e a cruz do cruceiro.

A nivel artístico, o cruceiro está composto dos seguintes elementos:

Unha plataforma de dous chanzos; o inferior, pizarroso; e o superior, de cantería. Esta serve de soporte a un fuste, monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. Vai estreitándose de cara á parte superior e amosa alguna pequena fenda e, tamén, algunhas restauración de cemento. O fuste serve de sostén a un capitel moldurado, que nunha orde descendente amosa os seguintes tramos: unha peza cuadrangular a xeito de filete; logo, algunha moldura cóncava, a xeito de “caveto ou nacela”; tamén, convexa,

a xeito de “cuarto bocel”; finalmente, un colariño, e unha moldura en bocel. O capitel serve de apoio a unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto. Os extremos dos seus brazos son de forma de cruz florenzada.

#### **IV. PARROQUIA DE SAN VICENTE DE GONDROME.**

##### ***1. CRUCES MISIONAIS***

**COORDENADAS U.T.M. X.: 616.965 / Y.: 4.742.112.**

Na fachada da igrexa parroquial hai dúas cruces de misión.

**1.1.** Unha delas está situada no centro da fachada e por riba do arco superior da porta de entrada á igrexa parroquial. **(FOTO 5)**. É de forma latina, de mármore e con formas trevoadas nos extremos de ámbos os dous brazos. No tramo superior do brazo lonxitudinal lese a inscrición **“JHS”**<sup>7</sup>. Por riba da letra “H” hai unha pequena cruz latina. Na parte media e inferior deste mesmo brazo lese a seguinte inscrición **“P.P. / DE LA / COMPAÑÍA / DE / JESÚS / MAIO / 1827”**. O brazo transversal amosa a inscrición: **“SANTA MISIÓN”**.

**1.2.** A outra cruz misional está colocada no flanco esquerdo da fachada da igrexa parroquial. Trátase, tamén, dunha cruz latina, de mármore. Os extremos de ambos os dous brazos amosan tramos rectos e moldurados, rematando nunhas formas triangulares. **(FOTO 6)**. O brazo transversal mostra o epígrafe: **“SANTA MISIÓN”**. O brazo lonxitudinal amosa no seu tramo superior a inscrición: **“JHS”**<sup>8</sup>. Por riba da letra “H” hai unha pequena cruz latina. O tramo medio mostra nun sentido oblicuo e de esquerda á dereita a lenda: **“P.P. JESUITAS”**. O tramo inferior amosa a data de celebración da misión: **“25-Mayo-1947”**.

##### ***2. RESTOS DUN VIACRUCIS. (FOTO 7)***

**COORDENADAS U.T.M. X.: 616.988 / Y.: 4.742.113.**

---

<sup>7</sup> Trátase dun monograma usado como distintivo pola Compañía de Xesús. A súa significación é: Xesús, Hombro, Salvador.

<sup>8</sup> Trátase dun monograma usado como distintivo pola Compañía de Xesús. A súa significación é: Xesús, Hombro, Salvador.



Por riba do muro, que delimita o adro da igrexa do exterior, hai restos dun Viacrucis, reflectido na conservación de dúas cruces de cantería e dunha parcial.

Unha delas, situada por riba do muro que da fronte á fachada e ao carón da porta de acceso ao adro da igrexa, posúe os seguintes trazos nunha orde ascendente: Unha base paralelepípeda; logo, unha moldura en filete da que arrinca unha cruz latina, que amosa unha sección cuadrangular e os extremos dos brazos en forma de cruz potenziada.

A outra cruz está emprazada tamén por riba do muro mais situada no flanco esquerdo á igrexa. Mostra as seguintes peculiaridades nunha orde ascendente: Unha base paralelepípeda, que serve de sostén a unha molduración cóncavo-convexa ou gola sobre a que se ergue unha cruz latina, de sección cuadrangular.

## **V. PARROQUIA DE MOSCÁN**

### **1. CRUZ DE RECONCO (FOTO 8)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 624.128 / Y. : 4.746.717**

Neste lugar, pertencente á parroquia de Cela, municipio de O Corgo, hai unha cruz que pertence actualmente a “*Casa Losada*”, e que hai uns cincuenta anos pertencía a “*Agrupación de Montes de Moscán*” (*O Páramo*). A finalidade dos vecinos de Moscán e volvela a traer ao seu antigo emprazamento <sup>9</sup>.

Esta cruz está colocada por riba dunha pena granítica e consta dunha base irregular, que ten unha fenda nunha das súas caras; esta serve de sostén a unha cruz latina, rústica, de sección cuadrangular en ambos os dous brazos.

### **2. CRUCEIRO DA “CASA DAS HORAS PERDIDAS”. (FOTO 9)**

**COORDENADAS U.T.M.**

**ORIENTACIÓN. SW-NE.**

**X.: 625.702 / Y.: 4.745.428**

Está situado no lugar de Albaredo (Moscán) ao carón da “Casa das Horas Perdidas”, actualmente parte posterior. No dintel da porta de entrada – hoxe parte posterior- hai unha inscrición na que se le o ano no que foi construída esta casa: “*ANO HS DE 1870*”.

---

<sup>9</sup> José Luís Arias Valiño, veciño de Moscán ( O Páramo)

Este cruceiro, é propiedade de *Francisco José López López*, descendente dos antigos propietarios da devandita casa, reconvertida na actualidade nunha “Casa de turismo rural”. Foi construído hai uns vinte anos por un antigo discípulo de Mallo na localidade de Lalín (Pontevedra). Consta dos seguintes elementos:

Unha plataforma granítica, composta de dous chanzos de forma paralelepípeda. Esta serve de soporte a unha base monolítica, granítica de dous tramos: o inferior, paralelepípedo; e o superior, formado por un “cuarto caveto” (moldura cóncava). Sobre a base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular no tramo inferior e nunha pequena parte do tramo medio, e oitavado no resto. Un colariño separa o fuste do capitel, que nunha orde descendente está formado dun pequeno corpo poliédrico cuadrangular, a xeito dunha moldura de listel ou filete; logo, un tramo troncocónico invertido cunha ornamentación a base de volutas por baixo de cada unha das arestas do pequeno corpo poliédrico, e unhas vieiras colocadas entre as volutas. Como remate, unha cruz, de sección oitavada en ambos os dous brazos. O anverso amosa, baixo unha cartela coa inscrición: INRI, unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: a cabeza está inclinada ao lado dereito; os brazos forman unha lixeira V e as mans permanecen abertas; o perizoma, está anoado ao lado dereito; o seu lombo e as súas costas están separados da cruz; as pernas están lixeiramente flexionadas e mostran o pé esquerdo sobre o dereito e ambos os dous sobre un supedáneo. O reverso mostra unha efixie da Virxe, cuberta cun manto e nunha actitude orante.

### **3. CRUCEIRO DA “CASA DA VILA”. (FOTO 10)**

**COORDENADAS U.T.M.X.: 655.668 / Y.:4.747.089**

**ORIENTACIÓN. SW-NE.**

Este cruceiro é propiedade de *Dª Concepción*, da “*Casa da Vila*”. Foi un agasallo dun veciño da parroquia, nomeado *Manuel do Castro*. Está situado no patio interior da “Casa da Vila” e componse das seguintes pezas:

Unha plataforma granítica, formada por dous chanzos triangulares truncados nos vértices das arestas. Esta serve de soporte a unha base monolítica, granítica, formada por dous corpos: o inferior, paralelepípedo; e o superior, troncopiramidal. A base prolóngase nun fuste, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. Este serve de apoio a un capitel clásico, moldurado. Así, nunha orde descendente distinguimos as seguintes molduras: un filete ou listel; un cuarto bocel (moldura convexa); un cuarto caveto (moldura cóncava), e un filete. Finalmente, unha cruz, de sección cuadrangular nos

extremos e oitavada no resto. Os extremos dos brazos teñen forma de cruz potenziada. O anverso, amosa, baixo unha cartela sen inscrición, unha efixie de Cristo coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, lixeiramente inclinada ao lado dereito; os brazos forman unha lixeira V e as mans permanecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; as pernas están lixeiramente flexionadas e o pé esquerdo está por riba do dereito e ambos os dous sobre un supedáneo. O reverso presenta unha efixie da Virxe, cuberta cun manto e nunha actitude orante.

#### **4. CRUCES DA IGREXA.**

##### **4.1. CRUZ DO ADRO DA IGREXA (FOTO 11).**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 625.810.65 / Y.: 4.746.755.13**

Está situada no adro da igrexa parroquial, apoiada nun muro, que serve de delimitación do adro do espazo exterior da igrexa. Por detrás da cruz encontrase a fachada da igrexa parroquial. Nas súas orixes esta cruz é probable que tivese unha orixe funeraria mais no intre actual é mester catalogala polo seu carácter autónomo. Está composta dos seguintes elementos nunha orde ascendente:

Unha base composta de dous tramos: o tramo inferior, é paralelepípedo; e o superior, amosa unha moldura cóncava a xeito de caveto. A base serve de soporte a unha cruz latina, que mostra en ambos os dous brazos un acanalamento cruciforme. Os flancos inferiores do brazo lonxitudinal mostran molduras cóncavo-convecas a xeito de golas. Ademais, os catro ángulos que xorden da intersección de ambos os dous brazos -o lonxitudinal e o transversal, presenta unha decoración a base de molduras cóncavas ou cavetos, que imitan a un enfeite estrelado.

##### **4.2. CRUZ DA FACHADA DA IGREXA (FOTO12)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 625.817,77 /Y.: 4.746.762.78**

É unha cruz latina, de ferro, posiblemente de orixe funeraria, que está adosada ao muro lateral dereito da igrexa parroquial. Nunha orde ascendente mostra os seguintes motivos decorativos:

1º. No pé da cruz hai dúas pequenas cruces latinas, de ferro, sobre as que se alza unha ornamentación xeométrica, reflectida nunha serie de molduras cóncavas de media cana e, tamén, en volutas.

2º. Por riba, hai unha decoración xeométrica cuadrangular con biseis nos seus ángulos, formando unhas molduras cóncavas en caveto.

3º. Os remates dos brazos da cruz amosan formas trevoadas, acabando as inferiores en pequenas espirais ou volutas.

4º. Os ángulos, que xorden da intersección dos brazos da cruz, amosan unha decoración estrelada.

5º. Finalmente, a cruz sustenta unha pequena efixie metálica de Cristo, de cor branco, que amosa os seguintes trazos: a súa cabeza está inclinada ao lado esquerdo; as mans permanecen abertas e os seus brazos están extendido na cruz en forma de V; o perizoma está anoado no lado esquerdo; e as pernas lixeiramente flexionadas mostran o pé dereito sobre o esquerdo.

#### **4.3. CRUZ DO ADRO DA IGREXA (FOTO 13)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 625.838 /Y.: 4.746.766**

Trátase dunha cruz latina, granítica, probablemente de orixe funeraria. Está situada ao carón do muro lateral esquerdo, que separa o adro da igrexa parroquial -onde, tamén, se encontra o cemiterio- do espazo exterior ao mesmo.

Consta dunha base monolítica, de forma semiesférica, que amosa unha ornamentación empedrada de maneira desigual. Sobre a base érguese unha cruz latina, de forma cilíndrica en ambos os dous brazos, que presenta unha decoración a xeito de gromos.

## **VI. PARROQUIA DE NEIRA.**

No Pazo de Neira, propiedade actual de Pedro Barragán, hai dúas cruces.

#### ***1ª CRUZ DE ACCESO Á CASA DO PAZO. (FOTO 14)***

**COORDENADAS U.T.M. X.: 621.704,56 Y.: 4.746.258.33**

Esta cruz, máis complexa que a anterior, amosa dous elementos:

\* Unha base, que mostra tres tramos: un tramo inferior e outro superior, de forma paralelepípeda, unidos por un novo tramo moldurado de “media caña” (molduración cóncava).

\* A base prolongase nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto. Os extremos dos brazos son de forma de cruz florenzada.

## **2ª. CRUZ DE ACCESO Á FINCA. (FOTO 15)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 621.6999,22 Y.: 4.746.260,66**

Trátase dunha cruz latina, de sección oitavada en ambos os dous brazos, que se apoia nunha estrutura paralelepípeda irregular.

## **VII. PARROQUIA DE SÁ**

### **1. CRUZ DE ARMESTO. (FOTO 16)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 623.669 / Y.: 4.743.415**

Está situada no lugar de “O Cruceiro “(Sá). Antano, esta cruz tiña un carácter público. No obstante co paso dos anos esta cruz foi adquirindo un dominio privado, pertencendo na actualidade a “*Casa de Armesto*” . Hai uns vinte e cinco anos, os días 25 e 26 de Xullo, festividade patroal do Sant-Iago, saía a procesión e daba a volta ao redor desta cruz. A procesión detíñase ao carón da cruz, momento que se aproveitaba para rifar un año ou un cabrito; logo, a procesión seguía o seu curso ata a igrexa parroquial. A continuación, había membros da comunidade parroquial que adoitaban ir ata o campo da festa <sup>10</sup>.

A nivel artístico, a cruz está composta dunha plataforma paralelepípeda irregular dun chanzo de cantería sobre a que se apoia unha base de dous tramos: o inferior, paralelepípedo; e o superior, troncopiramidal. No seu conxunto a base tende á irregularidade. Sobre a base érguese unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto. Os extremos dos brazos teñen forma dunha “cruz potenziada”-

### **2. CRUCEIRO DE SA. (FOTO 17)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 623.711 / Y.: 4.743.356**

---

<sup>10</sup> Informante da parroquia de Sa (O Páramo). Santiago Abreira.

Está emprazado nun cruzamento viario do lugar de “O Cruceiro” (Sa). Dende hai uns vinte e cinco anos, a procesión patroal do Sant-Iago dos días 25 e 26 de Xullo da a volta ao redor deste cruceiro. Denantes, como vimos, circunvalaba a “Cruz de Armesto”.

Este cruceiro foi restaurado hai uns seis anos por Ermindo López López da “Casa Cabrera”. Para levar a cabo esta tarefa primeiro lavouno con auga a presión; logo, usou área e cemento; e finalmente botoulle un líquido impermeabilizante.

A nivel artístico, este cruceiro de carácter público, está formado por unha plataforma granítica de dous chanzos paralelepípedos, que serve de sostén a unha base monolítica, paralelepípeda, que foi restaurada. A base prolóngase nun fuste de sección cuadrangular na parte posterior e oitavado no resto. Nunha das caras do fuste hai un buraco, onde noutrora había un “Corazón de Xesús” de porcelana de cor azul, que co paso do tempo foise deteriorado. O fuste serve de soporte a un capitel clásico, moldurado, de tipoloxía dórica. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto. Os extremos dos brazos son de forma de cruz potenziada.

### **3. CRUZ DE AGUIEIRA (FOTO 18)**

Está situada no lugar de Paredes (Sá). Trátase dunha cruz de linde entre os Montes do Páramo e Vilapedre (Sarria). A cruz antiga foi deteriorándose e cambiouse pola actual, que segue sendo de cantería.

A nivel artístico consta de dúas partes: Unha base de cantería, de forma troncopiramidal irregular, que amosa a súa cara anterior deteriorada nunha gran parte ao igual que a aresta anterior esquerda e, tamén, a aresta posterior dereita. Esta serve de soporte a unha cruz latina, de sección cuadrangular en ambos dous brazos, que mostra os seus flancos inferiores biselados. Os extremos dos seus brazos son de forma de cruz potenziada.

### **4. CRUCEIRO DA “CASA DO CHUCHO”.(FOTO 19)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 624.300 / Y: 4.744.989. ORIENTACIÓN. SE-NW.**

Está situado no lugar do Piqueiro (Sá). Este cruceiro é propiedade de Santiago Fernández Vázquez. Mercouno a principios deste século a un artesán de Curtis (A Coruña) nas feiras de primavera do Páramo. Está colocado no interior da súa propiedade privada e compónse das seguintes pezas nunha orde ascendente:

Unha plataforma granítica de dous chanzos, que serve de soporte a unha base monolítica de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, moldurado a xeito de

“cuarto caveto” invertido. Por riba da base érguese un fuerte monolítico de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. Sobre o fuste apoiase un capitel, que amosa os seguintes elementos nunha orde descendente: dúas pequenas pezas paralelepípedas, de diferente tamaño, superpostas; unha peza troncopiramidal invertida, a que lle segue unha pequena peza troncopiramidal, que se apoia noutra paralelepípeda. O cumio do cruceiro remata nunha cruz latina de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto; ademais, mostra un tipo de cruz potenziada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz presenta baixounha cartela, na que pode lerse *INRI*, unha efíxie cristolóxica coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza da que pendura nuns cabelos; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas e tres das súas costelas amósanse moi resaltadas; o perizoma está anoadado ao lado dereito; e as pernas, flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo. O reverso mostra unha advocación mariana do Rosario en actitude orante; está vestida cunha túnica e manto, e leva un rosario, pendurando do seu pescozo.

##### **5. CRUCEIRO DO PAZO. (FOTO 20)**

**COORDENADAS U.T.M. X: 624.578 / Y: 4.744.244. ORIENTACIÓN. SE-NW**

Está emprazado no lugar de Paredes (Sá). É propiedade de Matías Oñate, que o comprou hai uns vinte anos a través da “Inmobiliaria Moreno” de Sarria<sup>11</sup>. Está composto nunha orde ascendente das seguintes pezas:

Unha plataforma circular<sup>12</sup> que serve de soporte a un fuste de sección circular, estriado, que amosa protuberancias, imitando a talos de árbores. Logo, un colariño separa o fuste dun capitel clásico, que está ornamentado con volutas e cunchas nas súas caras. A parte inferior da cara SE., está decorada cunha representación en relevo de Sant-Iago peregrino<sup>13</sup>. O conxunto remata nunha cruz latina de sección circular e, tamén, con estrías en ambos os dous brazos. O anverso da cruz amosa baixo unha cartela anepigráfica unha imaxe cristolóxica cos seguintes trazos: coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os brazos estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma

---

<sup>11</sup> No obstante, información locais dixeronnos que este cruceiro tiña unha antigüidade de máis de noventa anos.

<sup>12</sup> No perceptible. Información do propietario do pazo.

<sup>13</sup> Segundo información locais, polo Páramo houbo unha ruta alternativa do Camiño francés a Santiago, que pasaba por Goián, Paredes, Sá, Trebolle, Friolfe, Vileiriz e Portomarína. Esta ruta usábase cando as condicións climatolóxicas eran adversas na ruta normal, que ía por Paradela.

está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo. O reverso mostra unha advocación mariana vestida cunha túnica e manto.

## **VIII. PARROQUIA DO SANTO ANDRÉ DA RIBEIRA.**

No adro da igrexa hai dous cruceiros antigos.

### ***1. CRUCEIRO DA DEREITA. (FOTO 21)***

**COORDENADAS U.T.M. X.: 618.365. / Y.: 4.747.478**

Está situado ao carón do muro, que delimita o adro da igrexa do espazo exterior, e mirando ao flanco esquerdo da fachada. A nivel artístico, consta dos seguintes corpos:

Unha plataforma dun só chanzo de granito de forma paralelepípeda, que serve de sostén a unha base de cantería de forma paralelepípeda cos bordos superiores redondeados; a cara da base, que dá á fachada da igrexa, amosa un acanalamento cuadrangular; ademais, dúas das arestas posteriores están deterioradas. A base prolóngase nun fuste de sección cuadrangular nos extremos e con acanalamentos e rebaixas no resto. Este serve de apoio a un capitel clásico, moldurado, que amosa nunha orde descendente os seguintes tramos: un ábaco, un equino, un cuarto bocel, un colariño, un bocel e un filete. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular; amosa algunhas restauración na súa estrutura.

### ***2. CRUCEIRO DA ESQUERDA. (FOTO 22)***

**COORDENADAS U.T.M. X.: 618.371 / Y: 4.747.488**

Tamén está situado ao carón do muro, que separa o adro do exterior mais mirando ao lado dereito da fachada. A nivel artístico, está composto dos seguintes elementos:

Unha plataforma dun só chanzo de pizarra, que serve de soporte a unha base de cantería, paralelepípeda, que mostra unha pequena convexidade na aresta anterior dereita; unha das arestas posteriores está deteriorada. A base alóngase nun fuste de sección cuadrangular nos extremos e con acanalamentos, estrías e rebaixas no resto. Este serve de apoio a un capitel clásico que amosa os seguintes tramos nunha orde descendente: unha moldura convexa algo deteriorada; unha dobre estrutura troncopiramidal invertida superposta;



unha moldura cóncava de media caña; unha moldura convexa a xeito de cuarto bocel; e unha estrutura irregular algo deteriorada con tendencia a unha pequena molduración cóncavo-convexa. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular, cun acanalamento cruciforme na cara que dá á igrexa.

## **IX. PARROQUIA DE “A TORRE”**

### ***1. CRUCEIRO DE STA. COMBA. (FOTO 23)***

**COORDENADAS U.T.M. X.: 621.735 / Y.: 4.743.139. ORIENTACIÓN. SUR-NORTE..**

Esta expresión artística, de dominio privado, está emprazada no interior da propiedade de **D. Eduardo López Pérez**, crego residente en Madrid. Foi realizada no ano 2004 por **Talleres Vilaro, de Balmao (Sarria)**.

A nivel artístico consta dunha serie de partes claramente diferenciadas e colocadas nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma granítica, de tres chanzos de forma paralelepípeda, que serve de soporte a un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. Sobre o fusta apóiase un capitel clásico, que amosa nunha orde descendente os seguintes elementos: un ábaco, un equino, un filete, un caveto (moldura cóncava), un baquetón (pequena moldura convexa) e un filete. O conxunto remata nunha cruz de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto. Os extremos dos brazos teñen forma de cruz florenzada. O anverso mostra, baixo unha cartela coa inscrición INRI, unha efixie de Cristo coas seguintes características: os brazos forman unha lixeira V e as maos están abertas; presenta unhas costelas moi resaltadas; o perizoma está anoado ao lado esquerdo; a cabeza está lixeiramente inclinada ao lado dereito; as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo. Pola contra, o reverso permanece liso.

Ao carón do cruceiro hai unha capela privada dedicada a San Pedro. Foi construída no ano 2007. Unha placa de granito, situada na parte superior dereita da fachada e apoiada en dúas mensulas reflicte a seguinte inscrición: **“Capilla de San Pedro / de / Santa Comba /2007/”** .

## **X. PARROQUIA DE VILAFIZ. (FOTO 24)**

### ***1. CRUZ DO PICO DA CRUZ.***

**COORDENADAS U.T.M. X.: 627.034 / Y.: 4.7445.958**

Con motivo dunha seca, acaecida a mediados do século XIX nesta bisbarra, celebrouse unha rogativa na parroquia de Vilafiz. Nela participou un devanceiro da “Casa Lobera” de Vilafiz, chamado Francisco. Este, guiando a unha parella de bois, subiu unha cruz ata o lugar do Pico, onde se encontra na actualidade <sup>14</sup>. Outra versión dada polo colectivo Patrimonio dos Ancares e a asociación de recreación histórica Tir na N'og que din: Con respecto á cruz, salienta que a información sobre a cruz é case nula, só encontraron referencias do xornalista e político Ricaro Becerro de Bengoa en 1883 na Gaceta de Galicia e na Revista Nueva Galicia en 1907 pola morte dun mozo ao disparárselle unha escopeta. <sup>12</sup>

A cruz está formada por unha base granítica, de forma paralelepípeda irregular, que amosa dúas fendas na súa estrutura e unha pequena rotura na base inferior esquerda. A base serve de sostén a unha cruz latina, de dous metros de altura, que foi construída con granito de Balmao (Sarria), e que presenta no seu conxunto unha sección cuadrangular.

## **XI. PARROQUIA DE VILARMOSTEIRO.**

### ***1. RESTOS DUN VIACRUCIS. (FOTO 25)***

**COORDENADAS U.T.M. X.: 622.654 / Y.: 4.744.438**

Por riba do muro que delimita o adro da igrexa parroquial do espazo exterior hai restos dun Viacrucis, reflectido en catro cruces situadas de cara á fachada da igrexa, parte central e flanco esquerdo.

---

<sup>14</sup> INFORMANTE. Membros da “Casa Lobera” (Vilafiz).

<sup>12</sup> <https://www.elprogreso.es/articulo/sarria/colectivos-localizan-primeros-petroglifos-municipio-paramo/202010211224261465742.html>

A cruz que se conserva está composta dos seguintes elementos: Unha base de tres corpos: o inferior, paralelepípedo con algunhas irregularidades; o medio amosa un tramo paralelepípedo e outro cunha molduración concava-convexa a xeito de talón; e o superior, cunha molduración convexa a xeito de bocel. Por riba da base erguese unha cruz, de sección cuadrangular na parte inferior e oitavada no resto. Os extremos dos brazos son de forma de cruz florenzada.

Ademaís, conservanse restos da base e parte inferior da cruz, doutras tres cruces.

## **2. CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA. (FOTO 26)**

**COORDENADAS U.T.M. X.: 622.625 / Y.: 4.744.438**

Este cruceiro, que foi cambiado de lugar, está situado no Campo da Feira, pertencente á parroquia de Vilarmosteiro. A nivel artístico, consta dos seguintes elementos:

Unha plataforma granítica, de dous chanzos paralelepípedos, que mostran algunhas fendas na súa estrutura. Esta serve de soporte a unha base monolítica, paralelepípeda que amosa algunha irregularidad na súa parte inferior. Sobre esta prolóngase un fuste ou varal, de sección cuadrangular nos seus extremos e biselado no resto; mostra algunha restauración. O fuste serve de apoio a un capitel clásico, que amosa varios tramos nunha orde descendente: un tramo paralelepípedo con algunhas irregularidades, e tres tramos moldurados, reflectidos en dous filetes unidos por unha moldura convexa ou escocia. Como remate, unha cruz, restaurada, latina, de sección cuadrangular nos seus extremos, e con rebaixes pronunciados no resto do brazo transversal. Os extremos dos brazos son de forma de cruz potenziada.

### **3. BIBLIOGRAFÍA**

ARRIBAS ARIAS, Fernando; BLANCO PRADO, J.M.; e SAAVEDRA PÉREZ, Mario.: *Cruceiros do Concello de Vilalba*, Vilalba (Lugo): I.E.S.CH. 2011.

BLANCO PRADO, José Manuel; MUÑIZ BESTEIRO, Manuel: Cruceiros. Cristos e Cruces do concello de Guntín de Pallares (Lugo), en *Actas do VIII do Congreso Galego de Cruceiros, Cruces e Petos de Ánimas*. Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. Lugo. 2017

BLANCO PRADO, José Manuel; MUÑIZ BESTEIRO, Manuel: Cruceiros e Cruces do concello de Becerreá (Lugo), en *Actas do IX do Congreso Galego de Cruceiros, Cruces e Petos de Ánimas*. Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. Lugo. 2018

BLANCO PRADO, José Manuel; MUÑIZ BESTEIRO, Manuel: Oratorios. Cruces de Misión e Viacrucis do Concello de Palas de Rei, en *Actas do X do Congreso Galego de Cruceiros, Cruces e Petos de Ánimas*". Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. Lugo. 2019.

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: *Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX)*. Autor dos mapas de localización.

MUÑIZ BESTEIRO, Manuel.: *Itinerarios polo Concello de Castroverde*, Lugo: Amigos do Patrimonio de Castroverde, 2011.

#### **3.1. INFORMANTES:**

*José Luís Arias Valiño.*

*Eduardo López Pérez*

*Francisco José López López*

*Concepción da "Casa de Vila".*

*Santiago Abreira.*

*María Díaz Boado.*

*José López Somoza.*

*Ermindo López López.*

*Pedro Barragán.*

*Nolito Froilán.*

*José Antonio Penela.*

*Jessica Rodríguez López.*

*Anisa Vázquez Vázquez.*

*Familia casa Lobeira de Vilafiz*

#### **4. ILUSTRACIÓNS.**



**FOTO 1. ADAI. PAREDE LATERAL DA IGREXA. RESTOS DUN VIACRUCIS DE MADEIRA.**





*FOTO 2. ADAI. CRUZ DE BELEIGÁN.*





***FOTO 3. SANTA MARIA DE GONDRAME. RESTOS DUN VIACRUCIS.***



***FOTO 4. SANTA MARIA DE GONDRAMA. CRUCEIRO.***





***FOTO 5. SAN VICENTE DE GONDRAME. CRUZ MISIONAL (1)***



*FOTO 6. SAN VICENTE DE GONDRAME. CRUZ MISIONAL (2)*





***FOTO 7. SAN VICENTE DE GONDROME. RESTOS DUN VIACRUCIS***



***FOTO 8. CRUZ DE RECONCO***





***FOTO 9. MOSCÁN. ALBAREDO. CRUCEIRO DAS HORAS PERDIDAS.***



***FOTO 10. MOSCÁN. CRUCEIRO DA “CASA DE VILA”***





*FOTO 11. MOSCÁN. CRUZ DO ADRO DA IGREXA*



*FOTO 12. MOSCÁN. CRUZ FACHADA DA IGREXA*





*FOTO 13. MOSCÁN. CRUZ DO ADRO DA IGREXA*



***FOTO 14. NEIRA. CRUCEIRO DA ENTRADA AO PAZO.***



*FOTO 15. NEIRA. CRUZ DE ACCESO Á FINCA DO PAZO.*





***FOTO 16. SA. CRUZ DE ARMESTO.***



***FOTO 17. SA. CRUCEIRO***





***FOTO 18. SA. CRUZ DA AGUIEIRA.***



***FOTO 19. CRUCEIRO DA “CASA DO CHUCHO”.***





*FOTO 20. CRUCEIRO DO PAZO.*





*FOTO 21. SAN ANDRÉ DA RIBEIRA. CRUCEIRO DA DEREITA.*



*FOTO 22. SAN ANDRÉ DA RIBEIRA. CRUCEIRO DA ESQUERDA.*





***FOTO 23. A TORRE. CRUCEIRO DE SANTA COMBA***



***FOTO 24. VILAFIZ. CRUZ DO PICO DA CRUZ***





*FOTO 25. VILARMOSTEIRO. RESTOS DUN VIACRUCIS.*



***FOTO 26. VILARMOSTEIRO. CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA.***

